



Instrución para a aplicación do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, tras os pronunciamentos das sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia sobre este.

As sentenzas da Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia do 21 de novembro de 2012 (PO 447/10, 588/10 e 595/10) e do 28 de novembro de 2012 (PO 569/10, 589/10 e 591/10) anularon o punto 2 do artigo 5 e o punto 3 do artigo 12 do Decreto 79/2010 para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.

Algún deses pronunciamentos xa foi declarado firme e todos eles están en condicións de selo o que, unido ao comezo dun novo curso escolar, fai necesario emitir esta instrución.

En efecto, a prol do principio de seguridade xurídica, e para velar pola obxectividade, coherencia, efectividade e mantemento da igualdade na aplicación do Decreto 79/2010, faise necesario que a consellería faga explícita a súa interpretación sobre os criterios que deben terse en conta para adaptar a aplicación da norma ao marco resultante tras estas anulacións e para lle dar a coñecer estes criterios interpretativos á comunidade educativa.

Estes criterios derivan dunha interpretación sistemática do propio Decreto 79/2010, non impugnado ou confirmado nos restantes puntos e preceptos, así como dos mandatos dimanantes do resto do ordenamento xurídico e, moi particularmente, da interpretación que destes fixo a xurisprudencia constitucional e ordinaria.

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, de acordo coa Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, asume as competencias de supervisión e control pedagóxico do sistema educativo e de velar polo cumprimento das normas. Debe, en particular, velar polo cumprimento e pola aplicación do principio legal de “capacitación para a comunicación na lingua oficial e cooficial, se a houbese”, recollido como fin do sistema educativo no artigo 2 da Lei orgánica de educación.

Neste sentido, dentro dos instrumentos legais de exercicio da función da inspección educativa, o artigo 151 da lei orgánica prevé a función de orientar e informar os distintos sectores da comunidade educativa no exercicio dos seus dereitos e no cumprimento das súas obrigas, que son as finalidades que se pretenden co establecido desta instrución.



Así mesmo, consonte o Decreto 79/2010, e sen prexuízo da autonomía pedagóxica dos centros docentes no marco da lexislación vixente, recoñecida nos artigos 120 e seguintes da lei orgánica, estes deben remitirles aos servizos da inspección educativa o seu proxecto lingüístico e velarán para que o seu contido se axuste ao decreto e ao desenvolvemento da Lei orgánica de educación. Isto aconsella que a Administración educativa exprese os criterios que se terán en conta nestas funcións de supervisión da legalidade e da avaliación deses proxectos, tamén coa finalidade de informar e de orientar os membros da comunidade educativa na súa elaboración.

A consellería, en aplicación tamén dos principios e das normas legais antes citados, manterá estes criterios no ámbito de aplicación recollido no artigo 2 do Decreto 79/2010; isto é, en todos os centros docentes sostidos con fondos públicos, así como nos privados que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

Polo exposto, e de acordo co establecido na disposición derradeira primeira do Decreto 79/2010, que habilita a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para ditar os actos que procedan para a súa execución, e no artigo 21 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, emítase a seguinte

INSTRUCCIÓN

Primeiro: A lingua predominante do alumnado na etapa de educación infantil deberá determinala o centro educativo, mediante a súa fixación e posterior aprobación no proxecto lingüístico de centro. Co fin de levar a cabo tal resolución, teranse en conta os seguintes parámetros:

- a) Resultado da pregunta aos pais, nais, titores/as ou representantes legais do/a alumno/a antes do comezo do curso escolar acerca da lingua materna do seu fillo ou filla.
- b) Realidade sociolingüística do contorno.
- c) Garantía da presenza das dúas linguas cooficiais como vehiculares na programación anual do centro e, polo tanto, da adquisición de coñecementos nas dúas linguas.



Segundo: O alumnado deberá empregar, con carácter xeral, a lingua en que se imparte cada área, materia ou módulo. Nas materias non lingüísticas, o profesorado procurará que a avaliación do dominio de lingua que teña o estudiantado respecte as súas circunstancias persoais e que se oriente cara á adquisición en igualdade das dúas linguas oficiais. A avaliación realizarase de conformidade cos criterios do correspondente currículo normativamente aprobado, polo que non poderán prevalecer os criterios de competencia lingüística no idioma vehicular sobre os coñecementos específicos en cada materia.

Santiago de Compostela, 31 de xullo de 2013

O conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

Jesús Vázquez Abad